

RELATORIO SOBRE VULNERACIÓN DE DEREITOS E LIBERDADES

Enaltecemento do terrorismo e disolución de Causa Galiza e Ceivar.

Procedemento Abreviado 120/2015

Xulgado Central de Instrución nº 6 de Madrid

1.- Introducción: “*independentismo radical galego*”

A investigación policial denominada “Operación Jaro” e o posterior procedemento xudicial aberto contra 12 membros das organizacións políticas CAUSA GALIZA e CEIVAR por delitos de terrorismo seguido no Xulgado Central de Instrución n.º 6 de Madrid, Procedemento abreviado 120/2015, constitui, con certeza, máis un exemplo de xestión punitiva da actividade política independentista por parte do Estado español. Isto significa, por tanto, o uso de medidas penais de excepción como forma de administrar o conflito político, cuxo risco principal é, como sinala CANCIO MELIÁ (2010:29), a extensión de sancións tamén excepcionais a condutas de crítica e confronto político, sob a ameaza, en atención á definición que ofrece a doutrina do Tribunal Supremo (por todas, STC 199/1987), da subversión da orde constitucional ou alteración da paz pública. E, aínda que o Alto Tribunal admita que a procura da subversión do sistema é lexítima dentro dunha sociedade democrática, o relevante en termos penais son os medios violentos empregados para a súa consecución. Ora, como veremos no presente caso, seguindo a actual política criminal anti-terrorista, o control penal de actividades políticas non violentas tamén ten sido obxecto de criminalización. Véxase, por todas a STS 303/2012, cando afirma: “*Una organización terrorista que persigue fines pseudo-políticos puede intentar alcanzarlos no solo mediante actos terroristas, sino también a través de actuaciones que, en sí mismas consideradas, no podrían ser calificadas como actos terroristas (movilizaciones populares no violentas, actos de propaganda política no violentas, concienciación popular de la importancia de los fines, etc.) lo que se aprecia es la existencia de una organización terrorista que ha llegado a adquirir gran complejidad, que utiliza para la consecución de sus fines, no solo la violencia*”.

Neste sentido ten especial interese notar que o alargamento da noción de terrorismo para a actividade política desenvolvida por cidadáns e cidadás galegas cobrou unha notábel relevancia desde mediados da década de 2000 até 2015/17, en que tivo lugar a “Operación Jaro”. Neste período, atendendo aos datos fornecidos pola Europol (TE-SAT, 2007-2018), 57 persoas foron procesadas por diferentes delitos de terrorismo ligados ao chamado, pola Fiscalía Xeral do Estado, “*independentismo radical galego*” (Fiscalía General del Estado, Memória, 2009-2017). E ten o seu pico no Sumario 1/2012, seguido no Xulgado Central de Instrución n.º 6 de Madrid, que finalizou con Sentenza do Tribunal Supremo (STS 293/2014, de 9 de abril) condenando, pola primeira vez neste ciclo, catro galegos integrantes dunha organización terrorista denominada RESISTÊNCIA GALEGA, cuxo obxectivo, citando a propia sentenza, “*es lograr la independencia del territorio histórico de Galicia respecto de España, subvirtiendo para ello el orden constitucional, a fin de establecer unas señas de identidad gallega, en la defensa de la tierra y del medio ambiente; para lo cual justifican el empleo de la violencia contra las personas y los bienes como único medio de lograr sus propósitos*”.

Unha escalada policial e xudicial contra membros e simpatizantes do independentismo galego que acontece, de xeito paradigmático, no momento de menor incidència no Estado español da violencia terrorista nos últimos 20 anos e, nomeadamente, após o cesamento definitivo da principal organización terrorista identificada polo Estado, a ETA. Neste contexto, é ampliado o conxunto de medidas de excepción desenvolvidas na persecución contra a actividade da ETA contra outros movementos políticos de contestación, caso do independentismo galego ou do movemento anarquista por asinalar os mais salientábeis; producindo, así, unha enorme elasticidade de conceptualización das condutas típicas do terrorismo para actividades non contempladas no catálogo de crimes terroristas no escenario anterior á desaparición do terrorismo vasco ((COLMENERO e BRANDARIZ, 2019).



2.- CAUSA GALIZA e CEIVAR: actividade “terrorista” pública, pacífica e democrática

2.1.- Conduas imputadas: actividade política non violenta

As persoas acusadas neste procedemento xudicial son responsabilizadas, esencialmente, da constitución, xestión e as actividades realizadas polas organizacións políticas CAUSA GALIZA e CEIVAR, as cales terían desenvolvido unha serie de actos de apoio, eloxio e xustificación da actividade de carácter terrorista do grupo denominado RESISTÊNCIA GALEGA e dos seus membros, seguindo o Auto de 5 de novembro de 2019 do Xulgado Central de Instrución n.º 6 de Madrid.

No mesmo son descritas, entre outras, as actividades delituosas que se indican a seguir:

a) CAUSA GALIZA:

- *“celebración del “Dia da Patria Galega” y del “Dia da Galiza Combatente” se promovía el ensalzamiento y justificación del ideario de la organización terrorista RESISTÊNCIA GALEGA, y la de sus miembros detenidos o condenados por actividad terrorista.*
- *CAUSA GALIZA desarrollaba actividades concretas orientadas a la organización y promoción de actos de apoyo a los miembros de la organización terrorista RESISTÊNCIA GALEGA, así como a las organizaciones terroristas antecesoras de ésta, y además participaba de forma activa en los actos relacionados con el independentismo radical gallego, en los que intervenía con idénticas finalidades.*
- *Entre estos actos, se enmarcaría la campaña de apoyo a la miembro de RESISTÊNCIA GALEGA María OSORIO LÓPEZ, o los distintos comunicados en apoyo a los miembros detenidos o presos de la organización terrorista.*
- *CAUSA GALIZA mantenía una relación con colectivos del ámbito del independentismo radical y violento a nivel nacional, al objeto de colaborar con ellos y expresar su apoyo y solidaridad con las causas que defendían.”*

-

b) CEIVAR

- *“Organización, promoción y publicitación de los actos de homenaje, enaltecimiento y justificación de los terroristas gallegos que permanecieran dentro de la disciplina de la organización terrorista a su salida de prisión.*
- *Organización y difusión de actos públicos de apoyo a los miembros de RESISTÊNCIA GALEGA con carácter periódico, como las concentraciones de los últimos viernes de cada mes, u ocasionales con motivo de su asistencia a juicios o traslados penitenciarios.*
- *Organización y difusión de concentraciones y marchas a las prisiones con motivo de la celebración de la “cadena humana”.*
- *Participación activa en los actos relacionados con el independentismo gallego y la conmemoración de diferentes efemérides del ámbito nacionalista radical tales como el Día de Galiza Combatiente, el Día de la Patria Galega o el Día Internacional de los Presos Políticos.*
- *Utilización de su entramado comunicativo para difundir públicamente los comunicados del Colectivo de Presos de RESISTÊNCIA GALEGA y las cartas y escritos de sus miembros en prisión.*
- *Cooperación con otras formaciones nacionalistas radicales y violentas, dándole apoyo y difundiendo muestras de solidaridad con los detenidos de dichas organizaciones.”*

Como resultado do anterior, os feitos descritos son constitutivos dos delitos que a seguir se indican:

a) Delito de pertenza ou organización criminal para a comisión de delitos de enaltecemento de organización terrorista e dos seus membros, tipificado no art. 570 bis 1 do Código Penal:

Artículo 570 bis

1. Quienes promovieren, constituyeren, organizaren, coordinaren o dirigieren una organización criminal serán castigados con la pena de prisión de cuatro a ocho años si aquella tuviere por finalidad u objeto la comisión de delitos graves, y con la pena de prisión de tres a seis años en los demás casos; y

quienes participaren activamente en la organización, formaren parte de ella o cooperaren económicamente o de cualquier otro modo con la misma serán castigados con las penas de prisión de dos a cinco años si tuviere como fin la comisión de delitos graves, y con la pena de prisión de uno a tres años en los demás casos.

A los efectos de este Código se entiende por organización criminal la agrupación formada por más de dos personas con carácter estable o por tiempo indefinido, que de manera concertada y coordinada se repartan diversas tareas o funciones con el fin de cometer delitos.

b) Delito de enaltecimiento do terrorismo, tipificado no art. 578.1, 2 e 4 do Código

Penal:

Artículo 578.

1. El enaltecimiento o la justificación públicos de los delitos comprendidos en los artículos 572 a 577 o de quienes hayan participado en su ejecución, o la realización de actos que entrañen descrédito, menosprecio o humillación de las víctimas de los delitos terroristas o de sus familiares, se castigará con la pena de prisión de uno a tres años y multa de doce a dieciocho meses. El juez también podrá acordar en la sentencia, durante el período de tiempo que él mismo señale, alguna o algunas de las prohibiciones previstas en el artículo 57.

2. Las penas previstas en el apartado anterior se impondrán en su mitad superior cuando los hechos se hubieran llevado a cabo mediante la difusión de servicios o contenidos accesibles al público a través de medios de comunicación, internet, o por medio de servicios de comunicaciones electrónicas o mediante el uso de tecnologías de la información.

4 El juez o tribunal acordará la destrucción, borrado o inutilización de los libros, archivos, documentos, artículos o cualquier otro soporte por medio del que se hubiera cometido el delito. Cuando el delito se hubiera cometido a través de tecnologías de la información y la comunicación se acordará la retirada de los contenidos.

Si los hechos se hubieran cometido a través de servicios o contenidos accesibles a través de internet o de servicios de comunicaciones electrónicas, el juez o tribunal podrá ordenar la retirada de los contenidos o servicios ilícitos. Subsidiariamente, podrá ordenar a los prestadores de servicios de alojamiento que retiren los contenidos ilícitos, a los motores de búsqueda que supriman los enlaces que apunten a ellos y a los proveedores de servicios de comunicaciones electrónicas que impidan el acceso a los contenidos o servicios ilícitos siempre que concurra alguno de los siguientes supuestos:

a) Cuando la medida resulte proporcionada a la gravedad de los hechos y a la relevancia de la información y necesaria para evitar su difusión.

b) Cuando se difundan exclusiva o preponderantemente los contenidos a los que se refieren los apartados anteriores.

As penas que se solicitan para os acusados son, por cada delito de enaltecemento, a pena de 2 anos de cárcere, a pena de 8 anos de inhabilitación absoluta e inhabilitación especial para o dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena, e a pena de 20 meses de multa con cuota diaria de 20 euros, con responsabilidade persoal subsidiaria caso de insolvencia conforme o art. 53.2 do Código Penal e os custos procesuais.

Así mesmo, de conformidade co art. 570 quater do Código Penal solicítase a disolución das organizacións políticas CAUSA GALIZA e CEIVAR.

Artículo 570 quáter

1. Los jueces o tribunales, en los supuestos previstos en este Capítulo y el siguiente, acordarán la disolución de la organización o grupo y, en su caso, cualquier otra de las consecuencias de los artículos 33.7 y 129 de este Código.

2. Asimismo se impondrá a los responsables de las conductas descritas en los dos artículos anteriores, además de las penas en ellos previstas, la de inhabilitación especial para todas aquellas actividades económicas o negocios jurídicos relacionados con la actividad de la organización o grupo criminal o con su actuación en el seno de los mismos, por un tiempo superior entre seis y veinte años al de la duración de la pena de privación de libertad impuesta en su caso, atendiendo proporcionalmente a la gravedad del delito, al número de los cometidos y a las circunstancias que concurran en el delincuente.

En todo caso, cuando las conductas previstas en dichos artículos estuvieren comprendidas en otro precepto de este Código, será de aplicación lo dispuesto en la regla 4.ª del artículo 8.

3. Las disposiciones de este Capítulo serán aplicables a toda organización o grupo criminal que lleve a cabo cualquier acto penalmente relevante en España, aunque se hayan constituido, estén asentados o desarrollen su actividad en el extranjero.

4. Los jueces o tribunales, razonándolo en la sentencia, podrán imponer al responsable de cualquiera de los delitos previstos en este Capítulo la pena inferior en uno o dos grados, siempre que el sujeto haya abandonado de forma voluntaria sus actividades delictivas y haya colaborado activamente con las autoridades o sus agentes, bien para obtener pruebas decisivas para la identificación o captura de otros responsables o para impedir la actuación o el desarrollo de las organizaciones o grupos a que haya pertenecido, bien para evitar la perpetración de un delito que se tratara de cometer en el seno o a través de dichas organizaciones o grupos.

2.2.- Dereitos e liberdades vs. terrorismo: unha tensión constante

Resulta evidente que os delitos asinalados constitúen un límite aos dereitos fundamentais e liberdades públicas recoñecidos no noso ordenamento xurídico e,

portanto, sitúanse na fronteira do modelo democrático. No entanto, o obxecto deste relatorio non é, con certeza, analizar pormenorizadamente da perspectiva xurídico-penal os delitos imputados neste procedemento aos membros das organizacións políticas CAUSA GALIZA e CEIVAR; mais asinalar os riscos da vis expansiva dos delitos de terrorismo como mecanismo punitivo de actividades políticas de carácter crítico non violento que, así sendo, ameazan con ultrapasar o limiar da “loita anti-terrorista”. En consecuencia, aquilo que procuramos é asinalar a tensión que entre os delitos de terrorismo imputados e os dereitos fundamentais, como a liberdade de expresión, de manifestación, de asociación, de reunión ou mesmo de participación e pluralismo político, puidese existir, advertindo a improcedencia da restrición dos mesmos no cadro dun Estado verdadeiramente democrático.

Foi o Tribunal Constitucional quen sinalou (SSTC 6/2000, 49/2001, 181/2006, 235/2007, 79/2014) que a liberdade de expresión non é apenas a manifestación de pensamentos e ideas, mais inclúe a crítica ideolóxica, política e económica, mesmo cando procure transformar ou perturbar a orde social conforme ao pluralismo, a tolerancia e ao espírito de abertura, sen os cales non hai sociedade democrática. Porén, a realidade xurídica, a pesar de tan rotunda afirmación, ten sido en multitude de ocasións outra ben diferente. Como referencia PORTILLA CONTRERAS (2017:88), nos últimos tempos temos asistido a unha elasticidade dos delitos de terrorismo que provocou unha das maiores vulneracións dos dereitos e liberdades públicas recoñecidos no ordenamento xurídico. E, en concreto, a expansión do delito de analteamento do terrorismo ten constituído un verdadeiro límite á liberdade de expresión e manifestación, véxase como exemplo as mediáticas “Operación Araña”, o “Caso Cassandra” ou “La Insurgencia”. De tal forma, aínda tendo caracterizado a xurisprudencia constitucional amplamente o dereito á liberdade de expresión como garantía dunha institución política fundamental e requisito para o bo funcionamento do estado (STC 12/1982), son múltiples os casos de criminalización do discurso público e político realizado por persoas ou grupos críticos (MIRÓ LLINARES, 2017)

Neste sentido, como recolle RIDAO MARTÍN (2018), seguindo a xurisprudencia do Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos, as restricións de tipo xurídico-formal que puideren existir para a manifestación pública de ideas ou programas políticos, mesmo sendo eles de natureza anti-sistémica (STEDH Karácsony e outros c. Hungría, de 17 de maio de 2016, entre outras), estas non poden restrinxir, en algún modo, o lexítimo debate político democrático (STEDH Bédat v.

Suíza, de 29 de marzo de 2016). De tal sorte, seguindo o mesmo traballo de RIDAO MARTÍN, o Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos ten amparado limitacións, con base no art. 17 do Convenio Europeo de Dereitos Humanos, unicamente cando estas tratan de doutrinas totalitarias (STEDH KPD v. Alemaña de 1957), discursos revisionistas do Holocausto (STEDH Honsik v. Austria de 1989, entre outras) ou discriminación racial (STEDH Norwood v. Reino Unido de 2004). En suma, aquilo que verificamos é unha forte tensión entre o delito de enaltecemento e a liberdade de expresión e manifestación na realización de actividades dentro do debate político, como no presente caso. Mais, alén disto, a acusación dun delito como o previsto no art. 570 quáter do Código Penal, pola que se solicita a pena de disolución das organizacións políticas nomeadas, atenta frontalmente contra outra serie de dereitos fundamentais: os dereitos de asociación, de reunión, de participación e pluralismo político.

En concordancia coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos, *ex art. 20*, a Constitución española recolle a liberdade de asociación como un dereito fundamental no seu art. 22, con base no recoñecemento do pluralismo político como valor superior do ordenamento xurídico establecido no art. 1.1. da Constitución. Neste sentido, resulta unha cuestión pacífica asinalar, con GARRO CARRERA (2009:330), que o dereito de asociación constitúe o cerne da proclamación do estado social e democrático de Dereito. Así sendo, calquera limitación deste dereito pon en causa o pluralismo e a participación política, debendo, sempre, ser respectado na adopción de calquera medida o seu contido esencial. Seguindo esta interpretación, o Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos entende que a restrición do dereito de asociación e, nomeadamente, o dereito de constitución de organizacións políticas actuantes no debate público, por canto é o instrumento fundamental da expresión da pluralidade ideolóxica democrática, debe ser compatíbel, sempre, co previsto no art. 11 do Convenio Europeo de Dereitos Humanos (STEDH Freedom and Democracy Party v. Turkey, de 8 de dezembro de 1999). Deste xeito, seguindo a lectura deste autor, a disolución dunha organización política acarreta sempre un risco de contaminación anti-democrático na determinación das causas que xustifican a expulsión da concorrencia política dunha concreta opción partidaria, máis aínda cando esta medida ten sido usada historicamente para eliminar a disidencia e a oposición política (GARRO CARRERA, 2009: 333, citando GARCÍA-PABLOS DE MOLINA, 1977). Portanto, a intervención sobre un grupo, asociación ou actor socio-político crítico co

sistema, identificando como perigoso para as institucións do Estado e para os dereitos e liberdades públicas (STEDH Refah Partisi the Welfare Party'et al v. Turkey, de 31 de xullo de 2001; Yazar et al v. Turkey), non pode fundamentarse en valoracións abstractas ou meras hipóteses delituosas, mais sobre feitos moi graves, de natureza obxectiva e de risco real para a orde constitucional.

De contrario, a criminalización dun grupo político polas súas simples manifestacións ou actividades públicas non violentas e dentro do cadro legal do estado, como observamos coas organizacións acusadas neste proceso xudicial, acarreta gravísimos problemas en termos democráticos. Pois, a pasaxe dunha actividade de natureza política crítica propia de calquera grupo disidente, para unha actividade catalogada como terrorista, cando se trata de persoas e/ou colectivos que non fan uso de medios ilegais ou violentos para a súa expresión ou manifestación, supón, en definitiva, a expansión dunha presunción xeral de participación terrorista a partir dun concreto ideario político que non encaixa na sociedade democrática (CANCIO MELIÁ, 2007).

3.- Conclusión: quebra da liberdade de expresión, do dereito de asociación e de participación política das persoas e grupos acusados

Como resultado do anterior, podemos afirmar, a modo de síntese, o que segue:

a) Nos últimos tempos asistimos a unha progresiva expansión da noción de terrorismo alargando este concepto para condutas até o momento consideradas expresións dos dereitos e liberdades fundamentais.

b) A definición de organización terrorista en particular, e as condutas típicas do conxunto dos delitos de terrorismo en xeral, son desposuídas da súa componente xurídica esencial, isto é, a conduta violenta, que non se configura como imprescindible do punto de vista penal.

c) Actividades clásicas do confronto público e da disidencia política, tales como as mobilizacións e as manifestacións populares, os actos de propaganda política,

etc., son calificados, seguindo esta tese, como actividades de natureza terrorista mesmo sendo elas públicas, pacíficas e ao abrigo da legalidade vixente.

d) Testemuñamos, por tanto, unha extensión da ilicitude en condutas non propriamente delituosas, o que supón unha vulneración dos principios de legalidade e proporcionalidade por seren determinados pola concepción teolóxica ou finalista das mesmas en orde a subverter o cadro constitucional, mesmo pacífica e democraticamente.

e) Así sendo, é quebrado o respecto aos dereitos e liberdades fundamentais dos imputados, en concreto, aos dereitos á liberdade de expresión, manifestación, asociación, reunión e aos dereitos de participación política.

f) Os referidos dereitos e liberdades son a base do Estado social e democrático de Dereito que ten no pluralismo político o valor superior do seu ordenamento xurídico.

g) Por consecuencia, a aplicación de medidas de lexislación de excepción vocacionadas á criminalización de condutas como as descritas, deben ser interpretadas seguindo o principio *pro libertate* e respectando as máximas garantías para a súa restrición.

4.- Bibliografía

CANCIO MELIÁ, M. (2011), “Delitos de organización: Criminalidad organizada común y delitos de terrorismo”, en DÍAZ MAROTO Y VILLAREJO, *Estudios sobre las reformas del Código penal operadas por las LO 5/2010, de 22 de junio, y 3/2011, de 28 de enero*, Civitas. Navarra.

CANCIO MELIÁ, M. (2007), “Algunas reflexiones preliminares sobre los delitos de terrorismo: eficacia y contaminación”, em AAVV, *Derecho Penal de Excepción. Terrorismo e inmigración*, Tirant Lo Blanch, Valencia, pp.161-170.

CANCIO MELIÁ, M. (2010), *Los delitos de terrorismo: estructura típica e injusto*, Reus, Madrid

- COLMENERO, B. e BRANDARIZ, J.A. (2019), “Reinventing counter-terrorism tactics and practices in the post-ETA Spanish criminal justice system”, en *Studi Culturali*, Año XVI, N°1.
- CUERDA ARNAU, M.L. (2018), “Terrorismo y libertades políticas”, disponible em <https://core.ac.uk/download/pdf/61388140.pdf>
- EUROPOL, Informe TE-SAT, 2007-2018, disponible em <https://www.europol.europa.eu/tesat-report>
- GALÁN MUÑOZ, A. (2018), “El delito de enaltecimiento terrorista. ¿Instrumento de lucha contra el peligroso discurso del odio terrorista o mecanismo represor de repudiables mensajes de raperos, twitteros y titiriteros?”, em *Estudios Penales y Criminológicos*, vol. 38.
- GARCÍA-PABLOS DE MOLINA, A. (1977), *Asociaciones ilícitas en el código penal*, Bosch, Barcelona.
- GARRO CARRERA, E. (2009), “Libertad de asociación y terrorismo. Análisis de casos fronterizos”, em *Aplicación de la normativa antiterrorista*, Universidad del País Vasco, Bilbao, pp. 324-356.
- MEMÓRIA DA FISCALÍA GENERAL DEL ESTADO, 2009-2017, disponible https://www.fiscal.es/memorias/memoria2019/FISCALIA_SITE/index.html
- PORTILLA CONTRERAS, G. (2017) “El retorno de la censura y la caza de brujas anarquistas”, en MIRO LLINARES, F., *Cometer delitos en 140 caracteres. El Derecho penal ante el odio y la radicalización en Internet*, Marcial Pons. Madrid, p. 88.
- RIDAO MARTÍN, J. (2018), “Temor a la libertad de expresión. Los delitos de enaltecimiento del terrorismo e injurias a la Corona como ejemplo”, em *Congreso Acoes XVII. Seguridad y libertad en el sistema democrático*.

